

Á Mesa da Comisión 1.<sup>a</sup>,  
Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada **Patricia Vilán Lorenzo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario de En Marea, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa independencia do poder xudicial, a Lei 13/2015, de modificación da Lei de axuizamento criminal, e o modelo de elección do Consello Xeral do Poder Xudicial (10/PNC-001184, documento número 11761)

**Emenda de modificación**

Débese modificar a parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactada co seguinte contido:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Que cumpra o Decreto 124/2014, do 11 de setembro.
2. Que demande ao Goberno do Estado:
  - a) Que non proceda ao cambio de fiscais en procedementos en curso, especialmente cando se trate de investigacións de casos de corrupción.
  - b) Que incremente de maneira efectiva os medios materiais e humanos dos que dispón o Ministerio Fiscal, moi especialmente os da Fiscalía contra a Corrupción e a Criminalidade Organizada.
  - c) Que derroque a Lei 13/2015, de 5 de outubro, de modificación da Lei de axuizamento criminal.
  - d) Que modifique o actual modelo de selección dos membros do Consello Xeral do Poder Xudicial.»

Pazo do Parlamento, 17 de abril de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga



---

**Grupo Parlamentario**  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 17/04/2018 16:38:18**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 17/04/2018 16:38:24**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---